



ELECCIÓN PARA A RENOVACIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

- a. [Resolución do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos](#) [DOG do 8/10/2018]
- b. [Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario](#) [DOG do 29/04/1988]
- c. [Decreto 324/1996 do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria](#) [DOG do 9/28/1996]

De acordo coa normativa, este mes de novembro convócanse eleccións para a renovación dos membros dos consellos escolares dos centros docentes de Galicia. A seguinte información resume os distintos aspectos das mesmas.

1. Membros que se renovan no Consello escolar

De acordo coa normativa indicada, corresponderá nestas eleccións a renovación dos seguintes membros do actual Consello escolar:

- a) 3 membros do profesorado
- b) 3 membros do alumnado
- c) 2 membros das familias

2. Xunta electoral

Ao efecto de elixir aos membros referidos do Consello escolar, seguindo as directrices ditas pola normativa legal vixente débese constituír una *Xunta electoral* encargada de velar polo normal desenvolvemento dos comicios e polo estrito cumprimento da legalidade. Esta *Xunta electoral* está composta polos seguintes membros [Decreto 92/1988]:

- a. a directora do centro, como presidente da mesma
- b. catro membros elixidos por sorteo público:
 - 1 docente
 - 1 pai ou nai
 - 1 alumno ou alumna
 - 1 membro do persoal de administración e servizos

Constituída o luns 5 de novembro, a Xunta electoral aprobou o seguinte calendario electoral:

3. Calendario electoral

6 de novembro: publicación dos censos electorais provisionais de pais/nais, alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos, e apertura do período de reclamación os mesmos

7-16 de novembro: prazo de presentación de candidaturas, na oficina de administración do centro



19 de novembro: reunión da Xunta Electoral para a resolución das reclamacións ao censo e proclamación de candidaturas. Apertura do prazo de reclamación ás candidaturas.

Ás 16:30 horas, sorteo público das mesas electorais

- das familias: directora do centro + 4 pais/nais escollidos por sorteo público entre os non candidatos
- do alumnado: directora do centro + 2 membros do alumnado escollidos por sorteo público entre os non candidatos

26 de novembro: eleccións

- das familias: de 17:00 a 20:00
- do alumnado: de 08:45 a 14:10
- do profesorado: en claustro extraordinario

As eleccións realizaranse en furna, e no caso de nais, pais e representantes legais do alumnado, os electores deberán identificarse mediante DNI. O voto é secreto, persoal e indelegable.

Supervisores: Poderán actuar como supervisores/as da votación os/as pais/nais ou titores do alumnado matriculados no colexio, ben propostos pola ANPA do centro, ben **avalados/as pola sinatura de dez pais/nais.**

Os membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e os electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das súas obrigas expediráselles un certificado de asistencia en aplicación ao establecido na lexislación vixente.

Para máis información sobre o proceso consultar a lexislación no portal educativo da Xunta de Galicia, sección Consello Escolar de Galicia. Tamén pode Vde. pasar polo centro onde lle facilitaremos a información que precise.

4. Formularios

Reclamacións ás listas do censo. Presentarase instancia na oficina de administración do centro.

Formulario modelo para [alumnado](#), [profesorado](#), [nais/pais/titores legais](#)

Presentación de candidaturas. Presentarase instancia na oficina de administración do centro.

Formulario modelo para [alumnado](#), [profesorado](#), [nais/pais/titores legais](#)

(Estes formularios están dispoñibles igualmente na oficina de administración e na conserxería do centro)

NOTA SOBRE PUBLICACIÓN DE CENSOS

Aínda que nestes casos, a Lei de Protección de Datos establece excepcións á publicación de datos persoais dos participantes nos comicios, en atención á especial sensibilidade destes datos, só estarán dispoñibles para todos os interesados no taboleiro do centro no horario habitual de atención ao público.